



CIRCULAR INFORMATIVA COMEDOR ESCOLAR

* Decreto 132/2013 do 1 de agosto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios (DOG do 13 de agosto).

* Instrución 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022-2023.

Estimadas familias:

Informámoslles de aspectos xerais do seu interese en canto ao servizo de comedor escolar:

- A modalidade do comedor escolar deste centro é de xestión directa, con elaboración dos menús no propio centro por persoal de cociña.
- A calidade dos produtos utilizados e da elaboración dos menús é o obxectivo principal de todo o persoal de comedor (equipo directivo e persoal de cociña), fomentando o consumo de produtos locais e de tempada e promovendo hábitos de alimentación saudables.
- O número de prazas autorizadas é de 353, correspondendo 332 a alumnado e 21 a persoal de cociña e persoal de atención e xestión.
- O regulamento xeral do funcionamento do comedor recóllese nun documento aprobado polo consello escolar: **Protocolo de funcionamento/Programación anual do comedor escolar** que está a disposición da comunidade educativa no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.

- Os menús aprobados pola comisión de comedor do consello escolar serán publicados cada mes no taboleiro de anuncios e na páxina web trimestralmente.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslao/>

- **Procedemento de pago:** Deben entregar na secretaría do centro o ANEXO II DE AUTODECLARACIÓN todas as familias do alumnado usuario de comedor excepto as sinaladas expresamente no apartado seguinte.

No caso de non presentar debidamente cuberto e asinado no prazo establecido o ANEXO II DE AUTODECLARACIÓN asignaráselle de oficio o importe máximo diario.

Nos primeiros días do mes seguinte ao da prestación estarán dispoñibles os recibos do mes vencido (informarase por Abalarmóbil, enviaranse a través do alumnado e poderán descargarse no espazo ABALAR). Unha vez efectuado o pago nunha entidade bancaria hai que entregar o resgardo na secretaría/caixa de correo/correo electrónico. O prazo para achegar o resgardo de pago ao centro é ata o día 20 do mes seguinte ao da prestación.

O pago pode facerse directamente nas entidades bancarias ou por vía telemática a través da oficina virtual tributaria: <https://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>

A falta de xustificación do aboamento total ou parcial do importe do servizo será causa de perda da praza de comedor por acordo do consello escolar.

- **Usuarios gratuítos do comedor escolar:**
 - Alumnado pertencente a familias en situación socioeconómica de exclusión social (certificada polos servizos autonómicos ou municipais) **NON TEÑEN QUE PRESENTAR AUTODECLARACIÓN**
 - Alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar. (**NON TEÑEN QUE PRESENTAR AUTODECLARACIÓN**)
 - Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (**NON TEÑEN QUE PRESENTAR AUTODECLARACIÓN**)
 - Alumnado de unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero (**NON TEÑEN QUE PRESENTAR AUTODECLARACIÓN**)
 - Os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda anual neta per cápita inferior a 7000€
 - Resto de alumnado non contemplado nos supostos anteriores (**DEBEN PRESENTAR AUTODECLARACIÓN**)
- **Beneficiarios de bonificacións e tarifas:** As bonificacións supoñen unha aportación por parte das familias de parte do importe do menú diario. O cálculo das tarifas farase segundo as indicacións do ANEXO II DE AUTODECLARACIÓN que se debe achegar. O cálculo pode facerse accedendo ao simulador habilitado pola CCEOU no seguinte enderezo:



<https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

Os posibles importes por día e usuario segundo a renda familiar son os seguintes:

** Importe de 1€/día*

** Importe de 2,50€/día*

** Importe de 4,50€/día*

- **Intolerancias alimentarias:** Deben informarse e xustificarse a través de certificación médica e entregar en secretaría. Unicamente se terán en conta as contempladas na normativa e previo aporte da certificación médica correspondente.
- **Faltas e xustificacións:** Poderán descontarse do importe mensual as faltas que se xustifiquen antes das 09:45h de cada día. A comunicación pode facerse por teléfono e/ou por correo electrónico e as xustificacións por escrito na secretaría do centro. A acumulación mensual do 10% de faltas sen xustificación aceptada dará lugar, por acordo do consello escolar, á perda da praza de comedor e á súa adxudicación ao seguinte solicitante da lista de espera.

Poden consultar as dúbidas sobre este servizo na páxina web e/ou no propio centro: a través do correo electrónico: < ceip.wenceslao@edu.xunta.es > , por teléfono <881 880 320> ou na secretaría.

Cambre, 6 de setembro de 2022

A dirección